

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 31 DE XULLO DE 2017.**

Alcalde en funcións:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora accidental:

D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN
ANTERIOR.**

Acordouse aprobar acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local
núm. 31/2017 do día 24 de xullo.

2.- EXPEDIENTE 2385/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder licenza de obra para a **INSTALACIÓN DE
EXPLOTACIÓN AVÍCOLA PARA GALIÑAS CAMPEIRAS** situada nas

parcelas agrupadas de referencia catastral rústica polígono 110 e parcelas 318 e 166, no paraxe de “Valiña Río”, parroquia de Castro de Cabras, de Lalín.

3.- EXPEDIENTE 572/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA O ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO CABALO.

Acordouse aprobar a conta xustificativa concedida ao abeiro do Convenio de Colaboración para a celebración da Feira do Cabalo.

4.- EXPEDIENTE 3502/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017 DA SUBVENCIÓN DA AULA CEMIT.

Acordouse aprobar a conta xustificativa correspondente ao 3º trimestre de 2017 da subvención da Aula Cemit.

5.- EXPEDIENTE 3547/2017. APROBACIÓN DE CONVENIO REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2º SEMESTRE 2017.

Acordouse aprobar o Convenio de Adhesión á Rede Galega de Teatros e Auditorios do segundo semestre de 2017, asumindo as obrigas e compromisos que para o Concello de Lalín se deriven do mesmo.

6.- EXPEDIENTE 3096/2017. PROPOSTA CONTRATACIÓN 2 CONDUTORES MOTOBOMBA. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (PERSOAL).

Acordouse contratar a dous conductores para o vehículo motobomba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais neste Concello de Lalín.

7.- EXPEDIENTE 3517/2017. APROBACIÓN PADRÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO 2º TRIMESTRE 2017.

Acordouse aprobar o Padrón de abastecemento de auga e saneamento do 2º trimestre de 2017.

8.- EXPEDIENTE 3043/2017. NECESIDADE E URXENCIA DE TRABALLOS PUNTUAIS DE LIMPEZA E SEGA NOS PARQUES PUBLICOS.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 12.801,80 € (IVE incluído), para a realización dos traballos puntuais de limpeza e sega en parques públicos do Concello de Lalín.

9.- EXPEDIENTE 3451/2017. DEVOLUCIÓN PREZO PÚBLICO CAMPAMENTO.

Acordouse a devolución de ingresos indebidos en concepto de prezo público pola Prestación do Servizo de Campamentos do Concello de Lalín.

10.- EXPEDIENTE 3187/2017. ESCOLA DE VERÁN XGL QUENDA 3.

Acordouse a concesión de prazas reservadas para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos/as 27 menores de idade que figuran no expediente remitido (TERCEIRA QUENDA DA ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTO URBANO).

11.- EXPEDIENTE 3152/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de débedas de subministros e servizos: recibos de enerxía eléctrica, auga, gas, lixo.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3537/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (INTERVENCION).-

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00057 por importe de 16.930,64 €.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA

APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3382/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordouse a baixa definitiva no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a seguinte persoa beneficiaria con motivo do seu PASAMENTO.

14-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3381/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordouse a baixa definitiva no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a seguinte persoa beneficiaria con motivo do seu PASAMENTO.

15-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3377/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordouse a baixa definitiva no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a seguinte persoa beneficiaria con motivo do seu PASAMENTO.

16-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3374/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordouse a baixa definitiva no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a seguinte persoa beneficiaria con motivo do seu PASAMENTO.

17-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1866/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (CSO042017) REDE SENDEIROS CANDÁN.

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “REDE DE

SENDEIROS DO CANDÁN E MELLORAS EN BUSTELOS, VILATUXE E ZOBRA. FASE 1”.

18-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3564/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (EDUCACION FAMILIAR).-

Acordouse acollerse á ORDE do 26 de xuño de 2017 publicada no DOG nº 129 do 7 de xullo de 2017 e solicitar unha subvención de xeito conxunto cos Concellos de Silleda e Rodeiro ao abeiro da mesma.

19-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3557/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordouse a concesión URXENTE da ALTA no Servizo de axuda no fogar modalidade libre concorrencia.

20-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3302/2017. ESCOLA DE VERÁN.-

Acordouse aprobar a devolución de ingresos indebidos abonados en concepto de prezo público pola Prestación do Servizo de Campamentos do Concello de Lalín.

21-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1974/2017. AIS CONCELLO.-

Acordouse denegar a concesión de axuda de inclusión social á persoa solicitante por non cumprir cos requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do Procedemento de Concesión de Axudas de Inclusión Social.

22-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE

2447/2017. PROMOCIÓN ROTEIROS DE LALÍN. LIÑA 2 DEPO.-

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.872 euros (3.200 € máis 672 € de IVE) imputable ás aplicacións orzamentarias 432.226.02 e 432.226.09 do presuposto municipal vixente para a actuación denominada “PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA ACTIVO ROTEIROS DE LALÍN”.

23-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1463/2017. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “ACTUACIÓNS DE INTEGRACIÓN PEONIL E DE ESTANCIA EN ÁREAS SECTORIAIS NO CENTRO URBANO DE LALÍN” (PLAN CONCELLOS 2016) (CO022017).-

Acordouse adjudicar o contrato denominado “ACTUACIÓNS DE INTEGRACIÓN PEONIL E DE ESTANCIA EN ÁREAS SECTORIAIS NO CENTRO URBANO DE LALÍN).

24-. FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3604/2017. CORRECCIÓN DE ERROS.-

Acordouse corrixir o erro no inicio da acta da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada o día 17 de xullo de 2017. Ao inicio da acta debe constar o seguinte texto:

“Tendo en conta que a presente sesión é a última á que asiste a Sra. Interventora debido ao seu cambio de destino pediu a todos os asistentes que agradeceran ao labor desenvolvida por dita técnica no Concello de Lalín durante os anos que prestou servizos no mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.